-Arrodea os substantivos que sexan colectivos e escribe o individual correspondente.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Equipo | bosque | moscas | casa | bandada | reloxo |
| Xogador | árbore | | | paxaro | |
| Can | orquestra | pelotas | exércitos | libro | banco |
| | Músico | | soldado | | peixe |

-Dos seguintes nomes risca os que non sexan abstractos

Ledicia     ~~mestre~~     ~~océano~~     tristeza     esperanza     ~~reloxo~~

-Copia o texto poñendo os puntos e maiúsculas necesarios. Obterás 4 oracións.

Ana e mais eu estamos xuntas na clase ela ten os ollos verdes e o pelo negro e liso é moi simpática e divertida ademais, sempre me axuda cando non entendo algunha cousa

Ana e mais eu estamos xuntas na clase. Ela ten os ollos verdes e o pelo negro e liso. É moi simpática e divertida. Ademais, sempre me axuda cando non entendo algunha cousa

.Substitúe as palabras destacadas por pronomes tónicos.

**Iria e Noa** chegaron antes ca **ti e Antón**

Elas chegaron antes ca vós

**Cibrán** non pode vir se **Paula** non o trae.

El non pode vir se ela non o trae

**Alberte e mais** eu fomos ao río con **Xacobe e Breixo**.

Nós fomos ao río con eles

Volve escribir as oracións substituíndo as palabras destacadas por pronomes átonos pegados ao verbo.

Celso aprobou **o exame** Celso aprobouno

Atoparás **as curmás** no parque Atoparalas no parque

Copia as oracións substituíndo as palabras destacadas polas contraccións axeitadas.

Nos premios non se esqueceron **dos voluntarios da terceira idade**.

Nos premios non se esqueceron **deles**

Confío en **Antón e en Lois**, son boa xente.

Confío **neles**, son boa xente.

Olaia **díxome a nota que sacara no exame**.

Olaia **díxoma**

Onte presentei**lles o irmán de Xela**.

Onte presentei**llelo**

Clasifica no cadro os determinantes.

Primeira o moitos este aquelas miña

Uns teus algunhas as vinte unhas

| Artigos | | Demostrativos | Posesivos | Numerais | Indefinidos |
|---|---|---|---|---|---|
| Determinados | indeterminados | | | | |
| o | unhas | este | miña | Primeira | moitos |
| as | uns | aquelas | teus | vinte | algunhas |

Escribe una oración con cada palabra para que se aprecie o seu significado.

Fero/ferro choro/chorro cero/cerro careta/carreta

O lobo é moi fero,

Este ferro oxidouse.

Eu non choro por iso.

O chorro do grifo é moi abundante,

O cero é un número sen valor cando vai só.

Dende aquel cerro mírase toda a chaira.

Fixemos unha careta polo entroido.

A carreta ten unha roda escangallada

Escribe en plural os seguintes nomes.

(Recorda que os polisílabos agudos rematados e -l, cambian o –l por –is; e os monosílabos e polisílabos graves rematados en –l, engaden –es.)

| | | |
|---|---|---|
| animal ………animais. | col ……coles | xel ……xeles |
| candil ……candís | réptil,,,,,,,,,,réptiles | anel …..aneis |
| mísil ……mísiles | cónsul………cónsules | ril ………riles |

Elixe e rodea a opción correcta:

| | | |
|---|---|---|
| Leveilles os bocadillos aos nenos | levéillelos | leveillos |
| Deunos os exames | Déunolo | Déunolos |
| Indicoume mal o camino | Indicoullo mal | Indicoumo mal |
| Buscoulle un bo traballo | Buscoullo | Buscóullelo |